

A VOLTA AO MUNDO

Texto de JAVIER VILLAFañE

Ilustracións de JUAN RAMÓN ALONSO

Tradución de IAGO NICOLÁS

Encadernado en cartón. 19,5 x 29 cm. 40 páx. 16 €

PREMIO AUSTRAL INFANTIL 1985

SELECCIONADO ENTRE AS CEN MELLORES OBRAS DA LITERATURA INFANTIL ESPAÑOLA DO S. XX (FUNDACIÓN G. S. RUIPÉREZ, 2000)

A volta ao mundo (galego)

ISBN 978-84-1343-265-6. Álbum ilustrado. MareMar.

La vuelta al mundo (castelán)

ISBN 978-84-1343-266-3. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

La volta al món (català)

ISBN 978-84-18558-82-5. Álbum ilustrado. Obras d'autor/a.

Unha vez, un rapaz que se chamaba Iago saíu da súa casa nun triciclo para dar a volta arredor do mundo. Ía pedaleando pola beirarrúa e no seu camiño atopou un can e un gato e preguntáronlle:

–Onde vas, Iago?

E Iago respondeulles:

–Vou dar a volta ao mundo.

–Podemos acompañarte?

–Claro que podedes. Seguídeme...

O planeta, a escala infantil, ten unhas dimensións sorprendentes!

Unha invitación a descubri-lo na mellor compañía.

Hai poucas viaxes tan emocionantes e entrañables coma a de Iago:

É a fazaña dun neno de curta idade pedaleando no seu triciclo e seguido por numerosos animais de distintas especies, tamaños e procedencias. «A volta ao mundo» é un clásico de 1986 que, cunha sinxela estrutura acumulativa e repetitiva, presenta unha fermosa fantasía que dá conta -tamén con humor- do poder ilimitado do imaxinario infantil.

O can e o gato -ben avidos nesta aventura- son os primeiros en apuntarse a unha andaina á que se suman a formiga, o elefante, o tucano, a vaca, o pingüín, a xirafa... Ademais de achegalos en grupos que remiten as lectoras e os lectores a coñecer os primeiros números, Javier Villafañe reivindica a diversidade, a solidariedade e a convivencia en harmonía, cun neno capitaneando esta insólita comitiva.

Dúas pasaxes memorables rachan o ritmo liñal do relato cando o pequeno Iago se detén momentaneamente ante un charco e un muíño; distraccións propias da infancia nas que sobresaia a altura poética deste texto, ideal para ser contado en clave participativa e lúdica, como desafío memorístico.

A proposta plástica de Juan Ramón Alonso desenvólvese en dous niveis: pequenas siluetas que levan a conta dos viaxeiros e unhas ilustracións realistas a base de suaves acuarelas e lapis de cores. A orixinalidade dos encadres e as metáforas visuais que reforzan a linguaxe literaria converten «A volta ao mundo» nunha das cen mellores obras da literatura infantil española do século XX, designada pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez no ano 2000.



■ **Temática:** viaxar coa imaxinación.

■ **Idade recomendada:** dende 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** aventuras, fantasía, xogo; animais; diversidade, solidariedade, amizade.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-volta-ao-mundo-g>

Javler Villafañe

(Bos Aires, 1909 - 1996)

Poeta, narrador, dramaturgo e ensaísta, foi un apaixonado do teatro de monicreques, o que o levou a percorrer Arxentina e outros países latinoamericanos na súa carreta La Andariega, realizando funcións. En 1967 abandonou o seu país logo de que a ditadura militar prohibira unha das súas obras. Autor dunha extensa bibliografía, premiada e recoñecida internacionalmente, volveu en 1984 tras vivir en Venezuela e España.

Juan Ramón Alonso

(Madrid, 1951 - 2025)

Estudou pintura na Escola de Belas Artes de San Fernando. Tras dedicarse á docencia durante máis de 25 anos, en 1995 centrouse na ilustración. Foi colaborador de El País e chegou a publicar máis de 300 obras de literatura infantil-xuvenil e para adultos. Recibiu, entre outros recoñecementos, os premios Austral 1985 e Fundación Santa María 1994.

<http://www.juanramonalonso.com/>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com